

**INTERIOR, EXTERIOR, DURANTE**

**Xisela Franco**





# Index

Galego	Presentación	05
	Xisela Franco. <i>Interior, exterior, durante</i> , por Chus Martínez Domínguez	07
	As xanelas de Xisela Franco, por Oscar Scopa	09
	Descrición da obra	11
	Claves dun proceso creador, por Xisela Franco	54
	Sobre a artista	57
Castellano	Presentación	13
	Xisela Franco. <i>Interior, exterior, durante</i> , por Chus Martínez Domínguez	15
	Las ventanas de Xisela Franco, por Oscar Scopa	17
	Descripción de la obra	19
	Claves de un proceso creador, por Xisela Franco	58
	Sobre la artista	61
English	Foreword	21
	Xisela Franco. <i>Interior, exterior, durante</i> , by Chus Martínez Domínguez	23
	The Windows of Xisela Franco, by Oscar Scopa	25
	Description of the film	27
	Keys to a Creation Process, by Xisela Franco	62
	About Xisela Franco	65



Dentro da programación do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, que en 2016 estivo centrada integramente en propostas de artistas mulleres, pechamos o ano con este proxecto que nace da estreita colaboración entre o MARCO e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Nesta ocasión, a crítica de arte e comisaria Chus Martínez Domínguez presentou o ciclo “PROBLEMÁTICAS. Artistas no relato incompleto”. Dentro deste ciclo, o proxecto da cineasta, artista e doutoranda da Universidade de Vigo, Xisela Franco (Vigo, 1978), *Interior, exterior, durante*, foi seleccionado como a proposta gañadora da convocatoria de axudas de produción **ARTISTAS** 2015, unha iniciativa conxunta da Unidade de Igualdade e o MARCO, que tiña como obxecto a realización dunha exposición individual como parte da programación do Anexo do MARCO en 2016.

Esta convocatoria de apoio á produción enmárcase no proxecto de visibilización **ARTISTAS**, que a Unidade de Igualdade vén desenvolvendo dende o ano 2011. Unha iniciativa destinada a apoiar ás mulleres que desexan comezar a súa andaina no campo da arte, facilitando a súa incorporación ao espazo artístico profesional, buscando novas redes de difusión, promovendo e dando visibilidade aos seus traballos, dadas as maiores dificultades que teñen respec-

to aos seus compañeiros, e o MARCO quixo dende o primeiro momento apoiar este salientable proxecto.

“PROBLEMÁTICAS. Artistas no relato incompleto” foi un programa articulado nas propostas de Mónica Cabo (Oviedo, 1978), Pascuala Campos de Michelena/ Ana Gallego Palacios (Xaén, 1938/Cáceres, 1975), Xisela Franco (Vigo, 1978) e Carolina Bonfim (São Paulo, Brasil, 1982), creadoras de distintas xeracións procedentes das artes visuais, a arquitectura e o audiovisual, que toma como punto de partida as circunstancias e realidades problemáticas que se producen na interacción entre as artistas e o sistema da arte.

Neste sentido, o Anexo do MARCO convértese na metáfora idónea dos espazos nos que demasiadas veces operan as creadoras; nas marxes, na resistencia, nos cantos do sistema. Este proxecto, non obstante, quere volver preguntar e insistir neses lugares, transformalos en relatos guionizados polas propias artistas, enfrontándose a eles como un escenario no que propor novas realidades, reaccionando fronte aquelas circunstancias que as limitan, condicionan e vulneran. Reflexións transversais en forma de accións dende unha actualidade na que a cuestión de xénero segue a ser problemática.

En palabras da comisaria: “A cineasta Xisela Franco pertence á nova xeración de creadoras conscientes da vinculación fundamental entre o feminismo e a arte do vídeo, que atopan no tecnolóxico e dixital o marco conceptual desde onde investigar e actuar, e cuxos intereses temáticos contemplan o renacemento do corpo, a identidade e a memoria, entroutras, cunha subxectividade desenvolvida baixo perspectivas plurais”. Facemos nosas as palabras da comisaria co desexo de que sirvan de precedente, xa que é o noso interese común crear un ambiente de convivencia igualitario e polo tanto xusto e democrático. Cómpre que o principio de igualdade de xénero fundamente a creación artística en todas as súas variantes e se incorpore de xeito efectivo e transversal a todas as fases de produción e difusión artística. Que as mulleres deixen de ser obxectos para ser suxeitos e protagonistas da creación artística. Así, esperamos que este proxecto marque unha nova andaina común entre as dúas institucións viguesas.

---

Anabel González Penín, directora, Unidade de Igualdade, Universidade de Vigo  
Iñaki Martínez Antelo, director, MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

## Xisela Franco. *Interior, exterior, durante*

Chus Martínez Domínguez

“No mira nada; *retiene* hacia adentro su amor y su miedo: la Mirada es esto”  
(Roland Barthes, *La cámara lúcida*)

A cineasta Xisela Franco (Vigo, 1978) pertence á nova xeración de creadoras que experimentan libre, diversa e sen prexuízos as metamorfoses do cinema, indagando na intersección cinema-arte contemporánea, investigando e desenvolvendo as problemáticas derivadas dos limes espaciais e conceptuais do cine expositivo. Creadoras conscientes da vinculación fundamental entre o feminismo e a arte do vídeo, que atopan no tecnolóxico e dixital o marco conceptual desde onde investigar e actuar, e cuxos intereses temáticos contemplan o renacemento do corpo, a identidade e a memoria, entre outras, cunha subxectividade desenvolvida baixo perspectivas plurais. Así, a mirada de Xisela Franco evoluciona desde experiencias persoais, no caso da visceral *Anima Urbis* (2010) ou *Vía Láctea* (2013) e na obra *Interior, exterior, durante* que agora presentamos —tecidas en torno á idea de maternidade— tamén coa necesidade de colarse no mundo privado doutras mulleres: con ache-gas a relatos máis íntimos e desde o cuestionamiento social, como *Addat* (2004) e *Cruz Piñón* (2015). Unha traxectoria de traballos articulados desde o cine experimental, que van dando forma a distintas producións e proxectos científicos e expositivos como o recente proxecto visibilizador *Cinema e muller* (Deputación de Pontevedra).

Nesta a súa primeira exposición individual, Xisela Franco convida ao público do museo a ser espectador de cine, a contemplar o tempo desde a temporalidade

propia. O proxecto *Interior, exterior, durante* traballa coa manipulación do tempo para chegar a unha xeografía sonora expectante, que atrapa no que sucede, na converxencia de imaxe gravada e duración experimentada. Franco roda expresamente para a sala expositiva, adecuándose ao seu horario de apertura, conceptualiza o propio dispositivo museístico. Así, a exposición está articulada por unha proxección en tríptico de oito horas de duración, con planos de cámara estática sobre unha paisaxe costeira; o poder sublime e límite, simbólico e infindo, do mar, elemento presente en moitas das súas obras directa ou indirectamente. Combina as imaxes con son, coas voces dunha familia que traslada á sala o ambiente e códigos domésticos: contextualizando as horas do día, avaliando un clima emocional e mostrando a evolución da aprendizaxe verbal da pequena Maia —a súa filla— rexistrada durante un período de tres anos. Voces que son extensión de relatos individuais; de ensinanza e aprendizaxe; renuncia e xenerosidade. Deste xeito, imaxe e son están construídos do mesmo xeito pero presentados cunha aparente oposición que paseniñamente se irá transformando, para finalmente anoar na experiencia do espectador.

Na obra destaca a extraordinaria facilidade coa que a autora transforma o común, desde e fronte o cotián. Franco interroga o que lle rodea e introduce a lembranza para activar a confrontación co momento presente, coa intención

plenamente intelectual de interpretalo sen ocultar o que tal exercicio leva de emocional. Un guiión íntimo, confeccionado a partir dun arquivo de obxectos, sons e imaxes, que, como acontece coas películas-guía de Chantal Akerman, transforman a pantalla na súa propia pel. Neste caso, tatuada cunha natureza perfecta, inabarcable, luminosa, tan só alterada nos tres fragmentos que compoñen a composición. Entón, o tríptico de Xisela Franco vaise tornando parapeto, veo, foso, aberta. Escenario e espello. Cada unha das imaxes transmiten unha sorte de goce do baleiro, tamén de profundidade, de banalidade e monótono na lentitude do seu ritmo, pausado, de planos longos nos que o durante incide e constrúe, define, o proceso. O fluxo do tempo fragmentase nunha sorte de tres instantáneas ou lenzos, nunha relación inmediata coas artes visuais que, sen embargo, distánciase de seguido nos espazos das marxes, reservado para recursos, ensaios ou erros, evidenciando a distinción entre a reprodución tecnolóxica e a experiencia do real. A autora constrúe unha sorte de imaxes que evocan un monitor en estado de suspensión, intuindo fronte a esa pausa unha estratexia de introspección para somerxernos nese relato privado e complexo acerca da crianza. Poderíamos dicir que a artista presenta unha imaxe perfecta para experimentar unha maravillosa imperfección, nunha sorte de frontón emocional.

Este é un proxecto fundamental na busca emprendida por Xisela Franco para situarse nas marxes dos procesos creativos e expositivos que acompañan ao cinema e á arte, a través dunha cuestión tan complexa como é o tratamento e representación do tempo. Enmarcada nas reflexións do nacemento da súa filla, na evolución da súa aprendizaxe, este intervalo é o adecuado para sorprendernos na fascinación que esperta o que temos máis próximo. Unha viaxe emocional e poética a través de interferencias persoais e creativas, que documentan simultaneamente a contorna interior e exterior da artista: modos de estar no mundo, de observalo, documental e interpretalo. Tempo, lugar e acción na problemática da vida.



# As xanelas de Xisela Franco

Oscar Scopa

“And turning toward the window, should say:

‘That is not it at all,

That is not what I meant, at all!’”\*

T.S. Eliot

A arte exponnos. De aí que, irresistible para algúns, xere resistencias noutros. Unha exposición convócanos a mirar e, en certo sentido, a obra tamén nos mira. Neste caso, quen convida a esa exposición é Xisela Franco, unha das artistas cinematográficas máis interesantes da súa xeración.

Galicia, sendo eu un neno, brindoume a paisaxe onde tiveron o mellor agasallo que pode recibir un ser humano ao longo de toda a súa vida: a exogamia. Nin coñecía as súas rías nin o seu territorio e, non obstante, xa estaba alí e para sempre nas miñas sensacións e referencias aos reflexos do fermoso. Iso que vén cun golpe e xunto a unha sedución rexeitada, dentro desa escena que, de tan fermosa, aparece como alucinatoria.

Entón, cando abríns as xanelas, ela estaba alí, como unha luminosidade que escurece calquera contorna. Ese escintileo, esa luz dunha muller volve verse poucas veces na vida. Se un é benaventurado por abrir xanelas. Entón, aquel neno, que dalgún xeito sigo a ser, deuse volta, sacou do floreiro un xacinto e regaloullo a través da xanela.

Hoxe atópome en Galicia, na ría de Vigo, mirando durante horas as xanelas que Xisela Franco filmou para nós. A ría maravillosa, os seus vínculos intrafami-

liares, os paxaros, movementos ínfimos na claridade e os claroscurros que confirman o pasar do tempo, a cotidianidade vitoriosa sobre o subterfuxio da pantasma abandonada. Paisaxes da reconciliación, de reatoparse na mirada.

Na nosa época, en moitos casos, a palabra “amor” foi colocada na obscenidade: fóra de escena. Peor aínda, na sentimentalidade. Por regra, a arte contemporánea anula e denega simbolismos. O seu principal tabú: o amor. A arte non debe falar do amor, semella ser a orde canónica.

Xisela Franco rompe a prohibición e fálanos do amor con claridade. A crianza, a intimidade, o paso do berro á palabra escóitanse no único escenario soportable: as xanelas abertas á exogamia. A endogamia forza ao enmudecemento, ao acto de borrarse e eliminar ao outro.

Dende Bukowski, pasando por Badiou e Pommier, dende Lacan a Godard ou Woody Allen... e Xisela Franco, todos, cada un na súa disciplina, reivindicando aquela frase de Rimbaud: “Hai que reinventar o amor”. Non obstante, triunfarán os poetas, os filósofos, os psicanalistas, os cineastas ou, pola contra, serán os brazos armados contra o amor: os chamados “creativos”? Os que buscan non desexar, fuxindo cara ao quietismo mórbido dun eu falseado que, de todos

os xeitos, se esborrallará. Necesitamos amar e desexar a un outro exógamo e presente para non tolear.

A orde xenérica semella ser hoxe o eloxio da endogamia. Que maior acto endogámico que lle negar a palabra ao outro exógamo. Ou tamén cambiar permanentemente de imaxe mentres se denigran as palabras cun fin único: o exhibicionismo. Sempre endogámico. “Que dramático!, só é un xogo”, podería connotar Haneke.

Na nosa época, se aínda queda algunha transgresión por realizar, o único xesto —digámolo así— de vangarda, é o acto de amor exogámico. Como don; gratuito. Esta premisa do don, do agasallo, aparece ao longo de todo o filme de Franco.

A cineasta dá a palabra a un outro, á súa filla, que vai aprendendo a lingua. As imaxes e os sons, sempre coas súas xanelas abertas, non padecen o exhibicionismo. Pola contra, convidan á contemplación nun tempo buscadamente estendido: os soportes das variacións mínimas da cotianidade. Alí onde se descansa e desexa. Como neste filme, onde, alén da súa duración cronométrica, non hai saturación, outro signo de hoxe en día.

A endogamia irrompe para interromper: o amor e o desexo. Faino ás veces disfrazada de novidade. Nunha ilusión de transgresión, agresora, aniquíase o belo; en consecuencia destrúe a continuidade que merecería ser vivida. Xisela Franco móstranos o que paga a pena ser vivído.

Alguén podería dicir que é imposible ver tantas horas filmadas de vida íntima. Non obstante, e por máis que Franco nos propón un ir e vir do filme, a tranquilidade desas xanelas fainos reflexionar sobre como gozar do íntimo cotián no amor, deixando de lado ideais pantasmáticos, ás veces paradísíacos. A construción da intimidade, da presenza física do outro, ten relación con esas xanelas abertas e os sons no filme.

O amor é o único que detén as pantasma da infinidade de posibilidades adquirentes e resitúanos nunha escena íntima, onde importa máis ser amado que todos os consumos posibles. Hai unha elección, unha aposta. Sen dúbida arriscada. Mais se non asumimos ese risco, quedamos devorados pola infinidade das seducións posibles; as cales nos aniquilan. Ás veces dun modo fatalmente pracenteiro.

A proletarización do cotián, o embrutecemento dos costumes, como a expulsión do amor exógamo para reasegurar a endogamia, fan do cotián unha carga de agresión sen xanelas; entón a boca, esa cavidade eróxena por onde xorden palabras, nega. Este embrutecemento acontece inclusive entre xente que se considera con altos valores estéticos e de decoro. A endogamia sempre embrutece. Sexa esta real ou virtual. Inventar ausencias para producir rexeitamentos, refer dende unha sedución de deseño aquilo que se busca conter a distancia. Sen o outro presente.

No noso tempo, o outro exógamo semella o culpable de facer desfalecer unha identidade falsa que se sostén erráticamente, sen conducir máis que ao solipsismo. O amor, polo tanto, está prohibido. Ningún tempo identitario para a intimidade exógama. A arte, entón, vólvese un vulgar reflexo desa parodia. Sen acto de amor non hai arte, só exhibicionismo esteticista.

Xisela Franco atrévese a falar da prohibición ideolóxica do amor en varias das súas facetas, que se intúen á vez liberadoras e complexas. Faino con xanelas abertas á exogamia. In extenso, coa fin de que volvamos alí, sabendo que as historias de amor necesitan o seu proceso, a súa duración no tempo e a palabra. Un tempo que debemos retomar, para construír o íntimo, aínda que busquen aterrorizarnos con slogans contrariantes e poses agresivas.

\*“E virándose cara á xanela, habería dicir:/iso non é en absoluto,/iso non é o que quería dicir, en absoluto.”

## Descrición da obra

*Interior, exterior, durante* é unha película-instalación de 8 horas de duración que mostra un día de contemplación dunha paisaxe costeira galega dende o balcón dunha casa. No visual, unha fiestra ao exterior feita de imaxes meditativas do ámbito dun destino vacacional xunto ao mar, Baiona e a súa ría, presentado en forma de tríptico. No son, o off suxire un espazo fóra de campo que humaniza as estampas marítimas con gravacións cotiás do interior do fogar onde un bebé, a filla da autora, evoluciona na súa aprendizaxe cognitiva dende os 0 aos 3 anos. Se no visual se sucede un día completo, no sonoro desprégase un arquivo cronolóxico de momentos da crianza. O íntimo e o interior do fogar rodean a paisaxe exterior. O invisible dá sentido ao visible, e o audio confróntase coa imaxe para abrazala e outorgarlle concreción e sentido.

A película foi realizada expresamente para o MARCO e instálase nun espazo-cuarto onde se dispoñen dúas fontes sonoras: unha próxima ao fondo da sala onde se sitúa a ventá, o balcón, que reproduce o son ambiente da paisaxe exterior; e outra máis próxima ao centro do cuarto, que alude ao interior do fogar que acolle e educa a un novo ser.

Se o espectador visita a obra a primeira hora da mañá, atoparase probablemente cun amanecer dourado sobre o que a nena balbuce, chora ou emite sons

previos á linguaxe verbal. Se se visita a exposición ao mediodía, o sol estará a chegar ao seu cénit e a claridade do ceo azul quedará envolvida co son da nena articulando as súas primeiras palabras. O fóra de campo evoca momentos cotiás da intimidade familiar relacionados coa aprendizaxe da linguaxe, escenas entre unha nai e unha filla nas que tamén a miúdo aparece o pai. Se o público-espectador entra na película ao final do día, probablemente se topa coa posta de sol, avermellado solpor, ou fragmentos do anoitecer, mentres a pequena fala xa con soltura.

Unha viaxe ao interior dos sentimentos de Xisela Franco que utiliza a imaxe e o son como medios de expresión onde articular as súas propias experiencias. A cámara utilizada como escritura para ensaiar o pulso da vida.



Dentro de la programación del MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, que en 2016 estuvo centrada íntegramente en propuestas de artistas mujeres, cerramos nuestro año con este proyecto que nace de la estrecha colaboración entre el MARCO y la Unidad de Igualdad de la Universidad de Vigo.

En esta ocasión, la crítica de arte y comisaria Chus Martínez Domínguez presentó el ciclo “PROBLEMÁTICAS. Artistas en el relato incompleto”. Dentro de este ciclo, el proyecto de la cineasta, artista y doctoranda de la Universidad de Vigo, Xisela Franco (Vigo, 1978), Interior, exterior, durante, fue seleccionado como la propuesta ganadora de la convocatoria de ayudas de producción **ARTISTAS** 2015, una iniciativa conjunta de la Unidad de Igualdad y el MARCO, que tenía como objeto la realización de una exposición individual como parte de la programación del Anexo del MARCO en 2016.

Esta convocatoria de apoyo a la producción se enmarca en el proyecto de visibilización **ARTISTAS**, que la Unidad de Igualdad viene desarrollando desde el año 2011. Una iniciativa destinada a apoyar a las mujeres que desean comenzar su andadura en el campo del arte, facilitando su incorporación al espacio artístico profesional, buscando nuevas redes de difusión, promoviendo y dando visibilidad a sus trabajos, dadas las mayores dificultades que tienen

respecto a sus compañeros, y el MARCO quiso desde el primer momento apoyar este destacable proyecto.

“PROBLEMÁTICAS. Artistas en el relato incompleto”, fue un programa articulado en las propuestas de Mónica Cabo (Oviedo, 1978), Pascuala Campos de Michelena/Ana Gallego Palacios (Jaén, 1938/Cáceres, 1975), Xisela Franco (Vigo, 1978) y Carolina Bonfim (São Paulo, Brasil, 1982), creadoras de distintas generaciones procedentes de las artes visuales, la arquitectura y el audiovisual, que toma como punto de partida las circunstancias y realidades problemáticas que se producen en la interacción entre las artistas y el sistema del arte.

En este sentido, el Anexo del MARCO se convierte en la metáfora idónea de los espacios en los que demasiadas veces operan las creadoras; en los márgenes, en la resistencia, en los rincones del sistema. Este proyecto, no obstante, quiere volver a preguntar e insistir en esos lugares, transformarlos en relatos guionizados por las propias artistas, enfrentándose a ellos como un escenario en el que proponer nuevas realidades, reaccionando frente a aquellas circunstancias que las limitan, condicionan y vulneran. Reflexiones transversales en forma de acciones desde una actualidad en la que la cuestión de género sigue siendo problemática.

En palabras de la comisaria: “La cineasta Xisela Franco pertenece a la nueva generación de creadoras conscientes de la vinculación fundamental entre el feminismo y el arte del vídeo, que encuentran en lo tecnológico y digital el marco conceptual desde donde investigar y actuar, y cuyos intereses temáticos contemplan el renacimiento del cuerpo, la identidad y la memoria, entre otras, con una subjetividad desarrollada bajo perspectivas plurales”. Hacemos nuestras las palabras de la comisaria con el deseo de que sirvan de precedente, ya que es nuestro interés común crear un ambiente de convivencia igualitario y por lo tanto justo y democrático. ES preciso que el principio de igualdad de género fundamente la creación artística en todas sus variantes y se incorpore de forma efectiva y transversal a todas las fases de producción y difusión artística. Que las mujeres dejen de ser objetos para ser sujetos y protagonistas de la creación artística. Así, esperamos que este proyecto marque una nueva andadura común entre las dos instituciones viguesas.

---

Anabel González Penín, directora, Unidad de Igualdad, Universidad de Vigo  
Iñaki Martínez Antelo, director, MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

## Xisela Franco. *Interior, exterior, durante*

Chus Martínez Domínguez

“No mira nada; retiene hacia adentro su amor y su miedo: la Mirada es esto”  
(Roland Barthes, *La cámara lúcida*)

La cineasta Xisela Franco (Vigo, 1978) pertenece a la nueva generación de creadoras que experimentan de forma libre, diversa y sin prejuicios las metamorfosis del cine, indagando en la intersección cine-arte contemporáneo, investigando y desarrollando las problemáticas derivadas de los límites espaciales y conceptuales del cine expositivo. Creadoras conscientes de la vinculación fundamental entre el feminismo y el arte del vídeo, que encuentran en lo tecnológico y digital el marco conceptual desde donde investigar y actuar, y cuyos intereses temáticos contemplan el renacimiento del cuerpo, la identidad y la memoria, entre otras, con una subjetividad desarrollada bajo perspectivas plurales. Así, la mirada de Xisela Franco evoluciona desde experiencias personales, en el caso de la visceral *Anima Urbis* (2010) o *Vía Láctea* (2013) y en la obra *Interior, exterior, durante*, que ahora presentamos —tejidas en torno a la idea de maternidad— también con la necesidad de colarse en el mundo privado de otras mujeres: con aproximaciones a relatos más íntimos y desde el cuestionamiento social, como *Aadat* (2004) y *Cruz Piñón* (2015). Una trayectoria de trabajos articulados desde el cine experimental, que van dando forma a distintas producciones y proyectos científicos y expositivos como el reciente proyecto visibilizador “*Cinema e muller*” (Diputación de Pontevedra).

En esta su primera exposición individual, invita al público del museo a ser espectador de cine, a contemplar el tiempo desde la temporalidad propia. El

proyecto *Interior, exterior, durante* trabaja con la manipulación del tiempo para llegar a una geografía sonora expectante, que atrapa en lo que sucede, en la convergencia de imagen grabada y duración experimentada. Franco rueda expresamente para la sala expositiva, adecuándose a su horario de apertura, conceptualiza el propio dispositivo museístico. Así, la exposición está articulada por una proyección en tríptico de ocho horas de duración, con planos de cámara estática sobre un paisaje costero; el poder sublime y límite, simbólico e infinito, del mar, elemento presente en muchas de sus obras directa o indirectamente. Combina las imágenes con sonido, con las voces de una familia que traslada a la sala el ambiente y códigos domésticos: contextualizando las horas del día, evaluando un clima emocional y mostrando la evolución del aprendizaje verbal de la pequeña Maia —su hija— registrada durante un periodo de tres años. Voces que son extensión de relatos individuales; de enseñanza y aprendizaje; renuncia y generosidad. De esta manera, imagen y sonido están contruidos del mismo modo pero presentados con una aparente oposición que poco a poco se irá transformando, para finalmente anudarse en la experiencia del espectador.

En la obra destaca la extraordinaria facilidad con la que la autora transforma lo común, desde y frente a lo cotidiano. Franco interroga lo que le rodea e introduce el recuerdo para activar la confrontación con el momento presente, con la

intención plenamente intelectual de interpretarlo sin ocultar lo que tal ejercicio conlleva de emocional. Un guión íntimo, confeccionado a partir de un archivo de objetos, sonidos e imágenes, que, como sucede con las películas-guía de Chantal Akerman, transforman la pantalla en su propia piel. En este caso, tatuada con una naturaleza perfecta, inabarcable, luminosa, tan solo alterada en los tres fragmentos que componen la composición. Entonces, el tríptico de Xisela Franco se va tornando parapeto, velo, foso, abrazo. Escenario y espejo. Cada una de las imágenes transmite una suerte de goce del vacío, también de profundidad, de banalidad, y monótono en la lentitud de su ritmo, pausado, de planos largos en los que el durante incide y construye, define, el proceso. El flujo del tiempo se fragmenta en tres instantáneas o lienzos, en una relación inmediata con las artes visuales que, sin embargo, se distancia a continuación en los espacios de los márgenes, reservados para recursos, ensayos o errores, evidenciando la distinción entre la reproducción tecnológica y la experiencia de lo real. La autora construye imágenes que evocan un monitor en estado de suspensión, intuyendo frente a esa pausa una estrategia de introspección para sumergirnos en ese relato privado y complejo acerca de la crianza. Podríamos decir que la artista presenta una imagen perfecta para experimentar una maravillosa imperfección, en una suerte de frontón emocional.

Este es un proyecto fundamental en la búsqueda emprendida por Xisela Franco para situarse en los márgenes de los procesos creativos y expositivos que acompañan al cine y al arte, a través de una cuestión tan compleja como es el tratamiento y representación del tiempo. Enmarcada en las reflexiones del nacimiento de su hija, en la evolución de su aprendizaje, este intervalo es el adecuado para sorprendernos en la fascinación que despierta lo que tenemos más próximo. Un viaje emocional y poético a través de interferencias personales y creativas, que documentan simultáneamente el entorno interior y exterior de la artista: modos de estar en el mundo, de observarlo, documentarlo e interpretarlo. Tiempo, lugar y acción en la problemática de la vida.



# Las ventanas de Xisela Franco

Oscar Scopa

“And turning toward the window, should say:

‘That is not it at all,

That is not what I meant, at all!’”\*

T.S. Eliot

El arte nos expone. De ahí que, irresistible para algunos, genere resistencias en otros. Una exposición nos convoca a mirar y, en cierto sentido, la obra también nos mira. En este caso, quien invita a esa exposición es Xisela Franco, una de las artistas cinematográficas más interesantes de su generación.

Galicia, siendo yo un niño, me brindó el paisaje donde tuve el mejor regalo que puede recibir un ser humano a lo largo de toda su vida: la exogamia. Ni conocía sus rías ni su territorio y, sin embargo, ya estaba allí y para siempre en mis sensaciones y referencias a los reflejos de lo bello. Eso que viene con un golpe y junto a una seducción rechazada, dentro de esa escena que, de tan hermosa, aparece como alucinatória.

Entonces, cuando abrí las ventanas, ella estaba allí, como una luminosidad que oscurece cualquier contorno. Ese brillo, esa luz de una mujer vuelve a verse pocas veces en la vida. Si uno es bienaventurado por haber abierto ventanas. Entonces, aquel niño, que de algún modo sigo siendo, se dio vuelta, sacó del florero un jacinto y se lo regaló a través de la ventana.

Hoy me encuentro en Galicia, en la ría de Vigo, mirando durante horas las ventanas que Xisela Franco filmó para nosotros. La ría maravillosa, sus vínculos

intrafamiliares, los pájaros, movimientos ínfimos en la claridad y los claroscuros que confirman el pasar del tiempo, la cotidianeidad victoriosa sobre el subterfugio del fantasma abandonico. Paisajes de la reconciliación, del reencontrarse en la mirada.

En nuestra época, en muchos casos, la palabra “amor” ha sido colocada en la obscenidad: fuera de escena. Peor aún, en la sentimentalidad. Por regla, el arte contemporáneo anula y deniega simbolismos. Su principal tabú: el amor. El arte no debe hablar del amor, parece ser la orden canónica.

Xisela Franco rompe la prohibición y nos habla del amor con claridad. La crianza, la intimidad, el paso del grito a la palabra se escuchan en el único escenario soportable: las ventanas abiertas a la exogamia. La endogamia fuerza al enmudecimiento, al acto de borrarse y eliminar al otro.

Desde Bukowski, pasando por Badiou y Pommier, desde Lacan a Godard o Woody Allen... y Xisela Franco, todos, cada uno en su disciplina, reivindican aquella frase de Rimbaud: “Hay que reinventar el amor”. Sin embargo, ¿triumfarán los poetas, los filósofos, los psicoanalistas, los cineastas o, por el contrario, serán los brazos armados contra el amor: los llamados “creativos”? Los que buscan

no desear, huyendo hacia el quietismo mórbido de un yo falseado que, de todos modos, se desmoronará. Necesitamos amar y desear a un otro exógamo y presente para no volvernos locos.

La orden genérica parece ser hoy el elogio de la endogamia. Qué mayor acto endogámico que negarle la palabra al otro exógamo. O, también, cambiar permanentemente de imagen mientras se denigran las palabras con un fin único: el exhibicionismo. Siempre endogámico. “¡Qué dramático!, sólo es un juego”, podría connotar Haneke.

En nuestra época, si aún queda alguna transgresión por realizar, el único gesto —digámoslo así— de vanguardia, es el acto de amor exogámico. Como don; gratuito. Esta premisa del don, del regalo, aparece a lo largo de todo el film de Franco.

La cineasta da la palabra a un otro, su hija, que va aprendiendo la lengua. Las imágenes y los sonidos, siempre con sus ventanas abiertas, no padecen el exhibicionismo. Por el contrario, invitan a la contemplación en un tiempo buscadamente extendido: los soportes de las variaciones mínimas de la cotidianidad. Allí donde se descansa y desea. Como en este film, donde, más allá de su duración cronométrica, no hay saturación, otro signo de hoy en día. La endogamia irrumpe para interrumpir: el amor y el deseo. Lo hace a veces disfrazada de novedad. En una ilusión de transgresión, agresora, se aniquila lo bello; en consecuencia destruye la continuidad que merecería ser vivida. Xisela Franco nos muestra lo que vale la pena ser vivido.

Alguien podría decir que es imposible ver tantas horas filmadas de vida íntima. Sin embargo, y por más que Franco nos propone un ir y venir del film, la tranquilidad de esas ventanas nos hace reflexionar sobre cómo disfrutar de lo íntimo cotidiano en el amor, dejando de lado ideales fantasmáticos, a veces paradisiacos. La construcción de la intimidad, de la presencia física del otro, tiene relación con esas ventanas abiertas y los sonidos en el film.

El amor es lo único que detiene los fantasmas de la infinidad de posibilidades adquirentes y nos resitúa en una escena íntima, donde importa más el ser amado que todos los consumos posibles. Hay una elección, una apuesta. Sin duda arriesgada. Mas si no asumimos ese riesgo, quedamos devorados por la infinidad de las seducciones posibles; las cuales nos aniquilan. A veces de un modo fatalmente placentero.

La proletarización de lo cotidiano, el embrutecimiento de las costumbres, como la expulsión del amor exógamo para reasegurar la endogamia, hacen de lo cotidiano una carga de agresión sin ventanas; entonces la boca, esa cavidad erógena por donde surgen palabras, niega. Este embrutecimiento ocurre inclusive entre gente que se considera con altos valores estéticos y de decoro. La endogamia siempre embrutece. Sea ésta real o virtual. Inventar ausencias para producir rechazos, retener desde una seducción de diseño aquello que se busca contener a distancia. Sin el otro presente.

En nuestro tiempo, el otro exógamo parece el culpable de hacer desfallecer una identidad falsa que se sostiene erráticamente, sin conducir más que al solipsismo. El amor, por lo tanto, está prohibido. Ningún tiempo identitario para la intimidad exógama. El arte, entonces, se vuelve un vulgar reflejo de esa parodia. Sin acto de amor no hay arte, sólo exhibicionismo esteticista.

Xisela Franco se atreve a hablar de la prohibición ideológica del amor en varias de sus facetas, que se intuyen a la vez liberadoras y complejas. Lo hace con ventanas abiertas a la exogamia. In extenso, con el fin de que volvamos allí, sabiendo que las historias de amor necesitan su proceso, su duración en el tiempo y la palabra. Un tiempo que debemos retomar, para construir lo íntimo, aunque busquen aterrorizarnos con slogans contrariantes y poses agresivas.

\*“Y volviéndose hacia la ventana, dijese: /eso no es en absoluto, /eso no es lo que quería decir, para nada.”

## Descripción de la obra

*Interior, exterior, durante* es una película-instalación de 8 horas de duración que muestra un día de contemplación de un paisaje costero gallego desde el balcón de una casa. En lo visual, una ventana al exterior hecha de imágenes meditativas del entorno de un destino vacacional junto al mar, Baiona y su ría, presentado en forma de tríptico. En el sonido, el off sugiere un espacio fuera de campo que humaniza las estampas marítimas con grabaciones cotidianas del interior del hogar donde un bebé, la hija de la autora, evoluciona en su aprendizaje cognitivo desde los 0 a los 3 años. Si en lo visual se sucede un día completo, en lo sonoro se despliega un archivo cronológico de momentos de la crianza. Lo íntimo y el interior del hogar rodean el paisaje exterior. Lo invisible da sentido a lo visible, y el audio se confronta con la imagen para abrazarla y otorgarle concreción y sentido.

La película ha sido realizada expresamente para el MARCO y se instala en un espacio-habitación donde se disponen dos fuentes sonoras: una próxima al fondo de la sala donde se sitúa la ventana, el balcón, que reproduce el sonido ambiente del paisaje exterior; y otra más cercana al centro de la habitación, que alude al interior del hogar que acoge y educa a un nuevo ser.

Si el espectador visita la obra a primera hora de la mañana, se encontrará probablemente con un amanecer dorado sobre el que la niña balbucea, llora o

